

PLAN DE CONVIVENCIA ESCOLAR



ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN	4
1.2. Marco legal.....	5
2. O OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA ESCOLAR NO CENTRO	6
2.1. Composición	6
2.2. Atribucións	7
2.3. Funcionamento.....	7
3. CONTEXTUALIZACIÓN E AVALIACIÓN INICIAL	7
3.1. Análise do contorno	7
3.2. Análise conceptual	9
3.3. Análise da situación actual e das accións levadas a cabo	10
3.4. Avaliación de necesidades	15
4. PLAN DE ACTUACIÓN	16
4.1. Obxectivos	16
4.2. Actuacións previstas	17
4.3. Protocolos de actuación	22
5. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.....	25
6. BIBLIOGRAFÍA DE INTERESE	25

7. ANEXOS

7.1. Anexo I: Regulamento de Réxime Interior

7.2. Anexo II: Análise dos datos das enquisas de convivencia

7.3. Anexo III: Plan para a Prevención, Detección e Intervención do Absentismo Escolar.

1. XUSTIFICACIÓN

A escola é o primeiro lugar da convivencia cidadá. Queremos que o noso centro sexa un espazo onde se propicie a comunicación, o encontro entre as persoas, ordenado con principios e regras baseadas no diálogo e na resolución directa e pacífica dos conflitos; sen esquecer tamén que sexa un escenario do interpersoal que esixe a calidez do afecto e a comprensión, necesarios para adquirir seguridade e autoestima.

Non pretendemos en ningún momento negar a existencia dos conflitos. Está claro que os conflitos existiron e seguirán a existir; son o resultado dunha sociedade plural e polo tanto enriquecedora, pero tamén competitiva e excluínte, onde é máis salientable o que nos separa que o que nos une: diferenzas socioeconómicas, de criterios, aspiracións, intereses contrapostos, prexuízos... Aprender a convivir forma parte das finalidades básicas da educación e constitúe un dos principais desafíos dos sistemas educativos actuais na procura de sociedades máis modernas, xustas e democráticas; máis igualitarias, cohesionadas e pacíficas, nas que fenómenos como o acoso escolar, a violencia doméstica, a violencia de xénero, o maltrato... non teñan cabida.

Partindo dunha visión positiva dos conflitos, os principios que sustentan o Plan de Convivencia do C.E.I.P. ARÚA son os que seguen:

- A elaboración do noso Plan de Convivencia é o resultado da **implicación de todos os sectores que formamos a Comunidade Educativa**: profesorado, pais e nais, alumnado, persoal non docente, para o fomento dunha boa convivencia no Centro. Desde que cada alumno e cada alumna traspasa as portas do colexio, todo canto acontece, non só o que pasa dentro das aulas, adquire carácter educativo e pode facilitar ou dificultar a convivencia. Cando na escola xorden problemas de convivencia, todas as persoas da comunidade educativa debemos ser parte da súa solución. Nesta liña, o Plan de Convivencia do noso centro educativo debe propiciar cambios positivos nos modelos de organización escolar, nos currículos, no profesorado, na formación permanente do mesmo, no alumnado, nas relacións coas familias; é dicir, no contexto xeral do centro escolar.
- **O papel da familia é fundamental** porque leva a cabo a socialización primaria, as primeiras aprendizaxes que van marcar o desenvolvemento posterior do alumnado. Na medida en que poidamos traballar conxuntamente, nos ámbitos familiar e escolar, teremos máis garantías de lograr todos os obxectivos que nos propoñemos.
- **A prevención** é a principal recomendación para a mellora da convivencia, en consecuencia o noso traballo céntrase en previr as condutas contrarias a ela. Dámoslle prioridade a aquelas actuacións destinadas ao coñecemento previo dos dereitos e deberes de todos os membros da comunidade educativa e das normas necesarias para unha convivencia pacífica e respectuosa.
- Entendemos a convivencia como un **fin educativo a traballar** que vai máis alá da mera aplicación de medidas disciplinarias. É para nós un obxectivo formativo en si mesmo e fundamental en todo proceso educativo. Pretendemos establecer a organización e o funcionamento do noso colexio en base ao respecto e a responsabilidade persoal, a participación e o traballo cooperativo, ao rexeitamento de toda discriminación e á compensación das desigualdades.

- As actitudes a desenvolver e a organización do Centro en materia de convivencia baséanse nas **Normas de Convivencia establecidas non RRI** en vigor. A Comunidade educativa ten que actuar conforme ao disposto neste regulamento. Cando sexa necesaria unha corrección terá un propósito formativo, de modo que se garanta tanto o bo funcionamento xeral como a socialización ordenada e autónoma de todos os alumnos/as.

Estamos na procura dun estilo educativo que permita pasar da dependencia, heteronomía, onde a norma a pon o outro, á autonomía e a liberdade, onde cada quen poida avaliar, revisar e analizar por si mesmo as súas propias normas e as súas propias eleccións.

- Desenvolver unha convivencia adecuada na aula precisa que exista un bo nivel de **coordinación entre o equipo docente**. Dita coordinación establécese sobre o esencial, marcando unha actuación coherente e unha mesma liña de traballo: determinando os obxectivos básicos a conseguir co grupo-clase, consensuando tamén as normas co alumnado, posibilitando a interiorización das mesmas e a súa transferencia a outras situacións... É a nosa intención chegar a consensos que nos permitan elaborar protocolos de actuación eficaces, froitos dunha reflexión colectiva e adaptados ás necesidades particulares do noso centro.
- **A acción tutorial** é un instrumento básico para desenvolver a convivencia a través dela. Cobra unha vital importancia a labor que se debe levar a cabo desde a tutoría. Os/as tutores/as poden propoñer dinámicas de consolidación do grupo-clase, desenvolvendo actitudes de comunicación, intercambio e coñecemento mutuo, de habilidades sociais, de formas de recoñecerse a si mesmos coas súas opinións, emocións e comportamentos..., achegando información ao resto do profesorado e ás familias.
- A educación para a convivencia responde á necesidade de formar unha cidadanía preparada para desenvolver a súa vida respectándose a si mesma, ás demais persoas e responsabilizándose dos seus actos. A presenza no currículo da nova materia de **Educación para a cidadanía e os dereitos humanos**, con entidade propia, non nos libera da responsabilidade profesional de formar aos nosos alumnos e alumnas dun xeito comprensivo, harmónico e integral.

O obxectivo final é a mellora da convivencia no noso centro e na nosa comunidade educativa como resultado da análise, da reflexión e do acordo; tendo en conta sempre que o primeiro Plan de Convivencia que elaboramos é a pedra angular sobre a que se irán apoiando os sucesivos plans de mellora da convivencia.

1.2. Marco legal

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE).
- Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar.

- Instrucións sobre a constitución do Observatorio da Convivencia nos centros educativos e para a elaboración do Plan de Convivencia, CEOU, 17 de outubro do 2007.
- Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA ESCOLAR NO CENTRO

O Observatorio da Convivencia Escolar é un órgano colexiado que ten por obxectivo reflexionar e investigar en relación co estado da convivencia no centro e deseñar estratexias que se deberán adoptar para o fomento da cultura de paz e para mellorar o clima da convivencia escolar.

2.1. Composición

Conforme ao Decreto 85/2007, o observatorio da convivencia escolar do centro educativo, constituíuse con data 06/09/2007 e quedou integrado por:

- O director/a do centro, que presidirá.
- O xefe/a de estudos.
- Catro representantes do profesorado, incluída a persoa responsable da mediación escolar.
- O orientador/a do centro
- Unha persoa representante das familias.
- A persoa encargada dos programas de coeducación.
- Unha persoa representante do persoal non docente.
- Titores/as relacionados co tema a tratar en cada sesión.
- Profesionais do concello (Educación, Sanidade, Servizos Sociais...) implicados na mellora da convivencia.

Unha das persoas anteditas, con destino no centro educativo, actuará como secretario ou secretaria e levantará acta.

Estará aberto á participación do profesorado titor relacionado co tema que se analice e dos profesionais de sanidade, dos servizos sociais e das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia escolar.

2.2. Atribucións

- Dinamizar o plan de convivencia do centro.
- Elaborar un informe anual da análise da convivencia.
- Informar trimestralmente ao Consello Escolar.
- Coordinar as actuacións conxuntas dos ámbitos implicados relacionados coa mellora do clima de convivencia.
- Propoñerlle á Administración educativa as medidas oportunas para a mellora da convivencia.

2.3. Funcionamento

O Observatorio da Convivencia Escolar manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocado pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

3. CONTEXTUALIZACIÓN E AVALIACIÓN INICIAL

3.1. Análise do contorno

O C.E.I.P. A Rúa está situado no concello de Cangas, na provincia de Pontevedra. É un centro educativo de titularidade pública que desenvolve o seu labor en xornada continuada de 9:30 a 14:30 horas. O centro conta con 9 unidades, 3 de Educación Infantil e 6 de Educación Primaria. No curso académico 2009-2010 hai un total de 184 alumnos matriculados (129 en Educación Primaria e 55 en Educación Infantil) e 17 profesores/as.

Contexto socioeconómico

En relación ao contorno socioeconómico e cultural destacamos o feito de que Cangas é un concello de marcado carácter mariñeiro, que contaba no ano 2007 con 25.402 habitantes (INE), distribuídos entre a zona urbana da vila e a zona rural circundante. A economía da zona está centrada no sector servizos (49,4%), pero cun importante peso do sector pesqueiro (19,5%), seguido do sector industrial (17,8%) e o sector da construción (10,9%). (Datos do INE do 2001). A renda dispoñible bruta por habitante é de 8.482 € (IGE, 2002). A taxa de paro sitúase no 12,21% (INE, 2001) e afecta principalmente ó sector servizos e ó sector da industria. (Datos recollidos da páxina web do IGE – Instituto Galego de Estatística).

Outra variable de especial incidencia na caracterización do alumnado deste centro é o nivel de estudos da poboación de 16 e máis anos, que se sitúa nun 43,8% da poboación que non acadou un título de educación básica (bacharelato elemental, ESO ou EXB), un 31,9% da poboación con título de estudos primarios ou FP de grao inicial ou medio, o 16,5% con estudos secundarios (bacharelato ou FP de grao superior), o 4,6% con estudos de diplomatura e o 3,8% con estudos de licenciatura ou superiores. O índice de analfabetismo sitúase no 2,7%. (Datos: IGE, 2001).

A meirande parte das familias viven no Forte e na Avenida de Marín, no centro de Cangas, outras proceden das inmediacións do centro, A Pedreira e Santo Domingo. Hai un pequeno sector do alumnado que non procede da zona de influencia do colexio.

A participación das familias na vida escolar é satisfactoria pero mellorable. A colaboración das familias coa ANPA podería ser maior, xa que esta organiza as actividades extraescolares, colabora intensamente co colexio á hora de facer xestións ante os organismos oficiais e achega material e traballo para mellorar o centro.

En canto á estrutura das familias, debido á situación laboral e a diferentes problemáticas persoais, obsérvase un aumento claro do número de cativos/as que están ó cargo de avós e avoas. Este feito normalmente dificulta que se chegue a un acordo interxeneracional sobre as normas educativas, producindo un efecto negativo sobre o comportamento do neno/a. Obsérvase tamén un aumento das familias monoparentais e cada vez hai un maior fluxo e reflujo de alumnado, un que marcha e outro que se incorpora á escola por traslado de domicilio ou porque vén doutros países.

Entre o alumnado é destacable o excesivo interese polo consumo, con forte influencia da publicidade e da TV. Ademais, unha porcentaxe significativa do mesmo presenta escasas ou nulas habilidades sociais para establecer relacións e comparte unha filosofía de vida na que predomina a competitividade.

Respecto ó perfil lingüístico, mantense a diglosia: a maior parte dos pais e nais falan entre eles galego e diríxense ó seu fillo/a en castelá, aínda que vai aumentando notablemente a porcentaxe de familias que falan exclusivamente castelá.

Contexto natural

O centro está situado nunha zona semiurbana de Cangas, xa que o centro do pobo sitúase a quince minutos a pé. O alumnado pode considerarse de procedencia semiurbana ou urbana.

O colexio limita ó norte e o oeste co rego das Sañas, que conta con abundante vexetación na ribeira e que bordea unha parte importante do patio da escola, o cal xera un ambiente húmido e frío a meirande parte do ano, incrementado pola sombra que proxectan os eucaliptos de grandes dimensións sitos ó sur sobre un outeiro doutro lado da estrada que, bordeando o centro, comunica os barrios de A Pedreira e A Rúa co centro urbano. Polo leste limita coa escola- obradoiro Granxa A Rúa.

Nas proximidades do centro está o acceso ó Corredor do Morrazo, o cal incrementou considerablemente a intensidade de tráfico da zona, diminuindo, pola contra, o tráfico da estrada que bordea o centro. Tamén se incrementou o impacto acústico e a polución. En contrapartida, despois de moitos esforzos por parte da Comunidade educativa, contamos cun aparcadoiro que resultaba imprescindible para profesores/as, pais e nais e alumnado da Granxa A Rúa, tamén contamos con algunhas medidas de seguridade viaria: paso de peóns elevado, rotonda valada, pasarela elevada que atravesa o corredor, pequena beirarrúa no lateral do centro (estreita e insuficiente)...

A 5-10 minutos do colexio xa podemos atopar servizos como farmacia, agraria, panadería, peixería... e o Instituto de Educación Secundaria "Rodeira", ó que está adscrito o CEIP A Rúa.

A zona onde se sitúa o centro está en clara expansión demográfica, coa construción de edificios e vivendas unifamiliares, feito que se verá incrementado pola futura urbanización da vía de acceso ó Corredor, que desemboca na rotonda que hai fronte ó colexio, e que se converterá no futuro na ronda de circunvalación do casco urbano de Cangas, como figura nas Normas de Planeamento.

3.2. Análise conceptual

O punto de partida debe ser a clarificación de conceptos, de tal xeito que se eviten confusións provocadas polo uso dun mesmo termo sen que realmente para todos e todas signifique o mesmo.

Este enfoque necesita da implicación de toda a comunidade educativa, de xeito cooperativo, estruturado e organizado desde o Observatorio da Convivencia Escolar do Centro. As finalidades desta tarefa son:

- Compartir os saberes acumulados pola propia comunidade educativa
- Reflexionar sobre os diferentes estilos docentes, buscando as posibilidades de mellora individual e colectiva

- Analizar procedementos, habilidades e destrezas utilizados na xestión da convivencia das aulas e as súas posibilidades de transferencia a outros contextos.

Un vocabulario básico de traballo debe xirar arredor de conceptos como: conflito, violencia (física, psicolóxica, doméstica, simbólica, virtual...), agresividade, agresión, matonismo, acoso, vandalismo, disciplina, comportamentos disruptivos, sexismo, xenofobia, marxinação, convivencia, respecto, absentismo, tolerancia, liberdade, autonomía, autoestima, asertividade, resiliencia, civismo, empatía, mediación, colaboración, igualdade... Esta relación de termos permanecerá aberta para poder incorporar calquera outro que poida xurdir ao longo do traballo.

Así, nunha primeira aproximación, entendemos a **convivencia** como a capacidade de interactuar cos diferentes grupos sociais de xeito asertivo, respectando os dereitos dos outros e mantendo a amizade mutua.

Entendemos o **conflito** como a confrontación que se produce entre diversos intereses. A actitude coa que se enfrenta unha persoa a un conflito é máis importante que a resolución do conflito mesmo. Os esforzos deben centrarse en buscar solucións cun talante colaborador e de flexibilidade para o cambio.

3.3. Análise da situación actual e das accións levadas a cabo.

No **curso 2007-2008** iniciamos o proceso de elaboración do Plan de Convivencia. Para darlle un pulo importante, decidimos elixir "A convivencia" como tema núcleo, eixo temático transversal da planificación didáctica, dende Educación Infantil ata 3º ciclo de Primaria. Constituíuse unha **Comisión de Convivencia**, integrada por 9 profesores/as, que se reuniu unha vez por semana, co fin de dinamizar o tema núcleo.

Os obxectivos que pretendiamos alcanzar eran:

- Recompilar información para coñecer os **aspectos teóricos básicos** da convivencia entre iguais, nas relacións profesor- alumno, convivencia na interculturalidade, diferenza de xénero
- Realizar un proceso de **análise e reflexión** sobre a situación de convivencia no centro e no contorno.
- Promover un **bo clima de convivencia** no Centro, a través dos seguintes obxectivos específicos:
 1. **Facilitar a comunicación** entre os membros da comunidade escolar (alumnado, profesorado, pais nais, persoal non docente), deseñando procedementos que faciliten a expresión dos problemas, das ideas, das suxestións.
 2. **Constituír o Observatorio de Convivencia** do centro no que participen tódolos sectores da Comunidade educativa co fin de mellorar a convivencia, previndo e solventando situacións conflitivas.

3. **Concienciar ao alumnado sobre a importancia do seu papel** na mellora da convivencia, especialmente no recoñecemento de conflitos e na busca de solucións para evitalos.
4. Favorecer a comunicación entre o alumnado, a **autorregulación** e a toma de decisións por consenso.
5. Descubrir as **dinámicas internas dos grupos de alumnos/as**, co fin de detectar problemas de relación e buscar estratexias de resolución dos mesmos.
6. Sensibilizar ás familias do alumnado (pais, nais, titores/as) sobre a importancia de **prever condutas violentas** nos seus fillos.
7. Favorecer a reflexión das familias sobre a transcendencia que pode ter o **modelo de relación** que establecen cos seus fillos/as.
8. Favorecer a reflexión da Comunidade Educativa sobre a convivencia na **interculturalidade e na diferenza de xénero**.

Estas son algunhas das actividades que se realizaron ao longo dese curso para acadar os obxectivos propostos:

En canto á información...

- Busca, recompilación e análise de bibliografía e material audiovisual para profesorado e alumnado

En canto á análise da convivencia no centro educativo...

- Elaboración de enquisas para os diferentes membros da comunidade educativa (profesorado, pais-nais, alumnado, persoal non docente)
- Rexistro de datos das enquisas e análise das conclusións. Dita información foi posta a disposición de toda a Comunidade educativa na web do centro.

Para favorecer a comunicación...

- Elaboración por parte dos alumnos/as de buzóns e colocación dos mesmos en varios puntos do centro para que os diferentes membros da comunidade escolar puideran expresar os seus problemas, suxestións, ideas, felicitacións, queixas...
- Concreción por parte do alumnado das funcións dos buzóns:
 - Avisar dos problemas de convivencia que hai no centro (na clase, no patio, no autobús, nos baños...)
 - Aportar ideas para mellorar a convivencia
 - Felicitar ás persoas que fan algo ben ou melloran o seu comportamento
 - Propoñer como mellorar as instalacións do centro
 - Facer preguntas sobre a convivencia
- Rexistro dos datos recollidos nos buzóns, análise e busca de solucións.
- Acordo por parte dos alumnos/as das funcións que deberían desempeñar os representantes:
 - Axudar ás persoas
 - Asistir ás reunións trimestrais coa Dinamizadora de Convivencia e a Xefa de estudos

- Recoller as ideas dos nenos e nenas da clase
- Animar ós nenos e nenas a aprender
- Falar cos compañeiros/as se teñen un problema ou discusión
- Ser amable, paciente e xusto/a.

Para determinar a dinámica dos diferentes grupos de alumnos/as:

- Elaboración de sociogramas para o alumnado
- Rexistro de datos dos sociogramas e análise das conclusións, buscando de estratexias para mellorar a dinámica dos grupos.
- Dedicación dunha sesión semanal de tutoría con cada grupo de alumnos/as, onde se puxeron en práctica diferentes propostas didácticas. Ditas sesións só se levaron a cabo nalgúns clases de forma sistemática.

Para favorecer a implicación do alumnado na convivencia do centro:

- Realización de debuxos e selección dun para facer a pegatina do Tema Núcleo “Convivimos”
- Creación dun slogan sobre a Convivencia
- Elección de representantes do alumnado e recollida de ideas das posibles funcións dos mesmos (cada curso elixiu os seus representantes)
- Reunións periódicas (unha por trimestre) dos representantes do alumnado coa Dinamizadora de Convivencia e a Xefa de estudos.

Para concienciar ás familias de que a convivencia é cousa de todos/as:

- Reunións periódicas de tutoría coas familias onde transmitan as súas inquedanzas sobre o tema
- Realización de actividades destinadas a mellorar os hábitos de vida das familias: Charla de Hábitos saudables e Rota de sendeirismo ó facho de Donón (Hío)

Para favorecer a participación de tódolos membros da Comunidade educativa na resolución de conflitos...

- Elaboración dun Protocolo de actuación ante condutas disruptivas, que facilita a participación de profesores- pais/nais, co fin de analizar a situación conflitiva e buscar solucións.
- Elaboración dun Protocolo de alerta escolar para facilitar a atención inmediata e eficiente ós nenos e nenas que teñen unha patoloxía crónica e poden desenvolver en calquera momento unha crise.
- Creación do Observatorio de Convivencia que se reuniu trimestralmente co fin de facer un seguimento da convivencia no centro educativo. Nel están representados tódolos sectores da Comunidade Educativa e outros sectores do contorno invitados en función da problemática a tratar.

Para sistematizar o traballo de convivencia nas tutorías...

- Utilización didáctica de textos literarios e de preguntas relacionadas cos mesmos, que leven ó alumnado a reflexionar sobre a convivencia: conflitos no fútbol, respecto ás diferencias, poñerse no lugar do outro...

- Análise do material aportado por La Caixa sobre identidade, responsabilidade e convivencia. Determinando en que niveis educativos utilizalo.

No curso 2008-2009, a Comisión de Convivencia propuxo os seguintes obxectivos:

- Continuar afondando na análise da información para coñecer os **aspectos teóricos básicos** da convivencia entre iguais, nas relacións profesor- alumno, convivencia na interculturalidade, diferenza de xénero
- Levar a cabo diferentes actuacións de mellora en función das **reflexións** que aportaron os datos das enquisas sobre a situación de convivencia no centro e no contorno
- Elaborar o **Plan de convivencia**
- Seguir aportando **material didáctico** para traballar nas titorías

As actividades que a Comisión de Convivencia desenvolveu no curso 2008-2009 foron:

- Redacción do borrador do Plan de Convivencia
- Selección de material didáctico para cada ciclo a partir do programa Kitscaixa Valores
- Dinamización dos buzóns de convivencia e da figura dos representantes de aula
- Elaboración dunha enquisa para pais e nais co fin de determinar as ocupacións laborais das familias e outros datos relevantes, xa que os que constaban no PEC estaban obsoletos.
- Dinamización da hora de titoría.
- Charla de primeiros auxilios.
- Iniciar estratexias de traballo en grupos cooperativos

Neste curso 2009-2010 os obxectivos da Comisión de Convivencia foron:

- Presentar, para a súa aprobación no Claustro, o Plan de Convivencia do Centro.
- Actualizar a información disponible para coñecer os aspectos teóricos básicos da convivencia entre iguais, das relacións profesor-alumno, da convivencia na interculturalidade, e da diferenza de xénero.
- Reflexionar e deseñar estratexias coa información obtida nos últimos cursos sobre a situación de convivencia no Centro.
- Continuar provendo un bo clima de convivencia no Centro.

En canto ás actividades desenvolvidas, destacar:

- Para colaborar no deseño do **Plan de Convivencia** do Centro:
 - Manter un contacto continuo e fluído co Observatorio de Convivencia, asistindo ás reunións trimestrais deste órgano e participando na redacción do Plan.
 - Presentamos o Plan para a súa aprobación no Claustro.

- Para actualizar e analizar a información recompilada para coñecer os **aspectos teóricos básicos da convivencia**:
 - Revisar a información dispoñible tratando de extraer conclusións directamente aplicables na práctica cotiá.
 - Actualizar e revisar da documentación sobre Convivencia no centro, tanto a través de bibliografía como na Internet, especialmente no referente a experiencias realizadas noutros centros.

- Para **reflexionar e deseñar estratexias educativas e de convivencia** coa información obtida:
 - Manter reunións periódicas, nas que debatemos posibles vías de actuación.
 - Trasladar ó Claustro de Profesores as distintas propostas xurdidas.
 - Colaborar co Plan de Formación e Asesoramento en Centros sobre Aprendizaxe en Grupos Cooperativos, celebrado durante este curso no colexio.

- Para promover un **bo clima de convivencia** no Centro:
 - Continuar coa iniciativa dos Buzóns de Convivencia, iniciada fai dous cursos, como sistema de participación de toda a comunidade educativa. Neles poden deixar queixas, felicitacións, suxestións... que poidan contribuír a mellorar a Convivencia no centro.
 - Propoñer a elección de dous representantes por curso en Educación Primaria. Os dous de 6º curso foron propostos ademais para representar ó alumnado no Observatorio de Convivencia.
 - Convocar reunións trimestrais con eles para que puidesen expoñer as súas ideas e suxestións con respecto á convivencia, e fomentar así o espírito democrático e asembleario.
 - Establecer mecanismos de prevención e detección de posibles conflitos de convivencia, que permitiu unha rápida actuación en casos puntuais nos distintos cursos.

O seguinte paso debe basearse na análise do resto das actuacións desenvoltas ata o momento: actuacións individuais, puntuais, do equipo directivo, dos equipos de ciclo, do departamento de orientación, da comisión de coordinación pedagóxica, aquelas realizadas en colaboración con outras entidades, etc.

En primeiro lugar contamos co **Regulamento de Réxime Interior** como o instrumento que regula os diversos aspectos da convivencia no centro, en especial os dereitos e deberes de alumnado e profesorado, as normas contrarias á convivencia e as correccións previstas.

No **Plan de Acción Tutorial** recóllense diversas actividades que realizamos e están favorecendo a convivencia:

- Actuación directa dos titores ao longo do horario de clases.
- Obradoiros de habilidades sociais e resolución de conflitos para o alumnado.
- Tutorías coas familias para tratar aspectos de comportamento dos fillos, tanto individualmente como de grupo.

Tamén en colaboración cos **servizos do Concello** realizáronse:

- Escola de Familia: con carácter anual, cunha sesión quincenal.
- Elaboración do plan para a prevención, detección e intervención diante do absentismo escolar.

Valoramos positivamente estas actuacións e pensamos que contribúen á mellora da convivencia no centro. Con todo, tamén se observan algunhas carencias, como se verá reflectido na detección de necesidades.

3.4. Avaliación de necesidades

No primeiro ano da posta en marcha do Observatorio, da Comisión e do Plan de Convivencia do Centro tiveron unha importancia prioritaria as fases de sensibilización e de avaliación de necesidades, que se potencian mutuamente.

Na avaliación de necesidades recolleuse información dos distintos puntos de vista da comunidade educativa, facendo unha triangulación metodolóxica entre:

- Técnicas de cuestionario semellante para aplicar a profesorado, familias, alumnado e persoal non docente, o que permite comparar as distintas visións sobre a convivencia.
- Técnicas cualitativas, como entrevistas e escalas de observación.

Necesidades en relación coa convivencia no centro:

Despois da análise das enquisas realizadas (Anexo II), podemos valorar a situación actual da convivencia no noso centro como boa e satisfactoria. Os problemas que aparecen nas relacións do alumnado entre si son basicamente de falta de respecto (insultos, resolución violenta dos problemas, pouco compañeirismo,...) e as súas causas atopámonas na falta de ferramentas para resolver os conflitos adecuadamente, impulsividade e pouca reflexión. De aquí derivase a necesidade de adestrar as habilidades sociais.

As relacións do profesorado co alumnado tamén se valoran de modo positivo, excepto situacións puntuais derivadas do incumprimento das normas establecidas.

Para rematar, tamén son ben valoradas en xeral as relacións do profesorado coas familias, pois participan aceptablemente nas actividades que se organizan e que repercuten positivamente na mellora da educación e formación dos seus fillos e fillas.

Necesidades en relación coas familias e os servicios externos:

As relacións do profesorado coas familias son boas, implicándose estas nas propostas que se realizan, fundamentalmente a través das reunións nas tutorías. Obsérvase que os pais, debido aos horarios de traballo e aos costumes sociais, teñen unha menor participación na vida escolar dos seus fillos e fillas. As familias deben coñecer as normas que se aplican no colexio e reforzalas na casa.

O noso alumnado coñece as normas, pero a algúns é necesario mostrarlles como actuar e resolver os conflitos e para iso é imprescindible a implicación das familias. É necesario mostrar ás familias ferramentas que contribúan á educación dos seus fillos e fillas, especialmente nos casos con máis dificultades ou problemas, buscando para iso a colaboración da ANPA do centro e do propio concello.

Nalgúns casos será necesario realizar un traballo especial con algunhas familias, para facilitarlles o apoio, axuda e orientación que deben ofrecer aos seus fillos e fillas. Nestes casos, pódese contar coa colaboración dos Servizos Sociais do concello.

Necesidades de Formación e Recursos:

O profesorado é consciente da necesidade de formación para enfrontarse con eficacia ás novas formas e estilos que esixe hoxe a educación. Debemos formarnos en prevención e detección dos problemas na aula. Nos casos en que sexa necesario, a falta de habilidades no manexo da aula por parte do profesorado pode resolverse a través de actividades formativas interesantes, integradas na práctica docente diaria.

Será interesante a participación nas actividades que se realicen dentro do Plan Anual de Formación do Profesorado, dirixidas aos ámbitos da función directiva, a función tutorial e o departamento de orientación.

Satisfacer as necesidades prioritarias detectadas nese diagnóstico inicial e durante o seu desenvolvemento nos sucesivos cursos, será o obxectivo principal do Plan de Convivencia. Ao Observatorio da Convivencia Escolar e á Comisión de Convivencia no centro corresponderalles a síntese desta información e a configuración da estrutura do Plan de Convivencia para dar resposta a estas necesidades.

4. PLAN DE ACTUACIÓN

4.1. Obxectivos

Os principios básicos deste Plan de Convivencia Escolar concréntanse nos seguintes obxectivos:

1. Desenvolver unha intervención preventiva como medio para lograr un clima positivo de autoestima e confianza mutua, de empatía e tolerancia, esenciais para conseguir, entre todos, un marco de convivencia que faga innecesaria a adopción de medidas disciplinarias, priorizando a educación en valores entre os contidos do currículo.
2. Desenvolver no alumnado as habilidades relacionadas coa empatía e as habilidades sociais, con especial énfase na autoestima e na estima aos demais, e ensinarase ao alumnado a saber ter amigos, aplicar o sentido de medida aos feitos, saber escoitar, saber manter a mirada, así como iniciar, manter e finalizar unha conversación, pedir as cousas con educación e por favor, dar as grazas ou saber recoñecer as calidades dos demais. Para todo iso, prepararanse actividades nos ciclos, coordinadas entre os seus membros para traballar estes programas.
3. Formar ao profesorado, alumnado e familias en estratexias de resolución de conflitos.
4. Priorizar a resolución dos conflitos de xeito formativo mediante a negociación e o esforzo conxunto do profesor e os alumnos. Aprender a enfrontarse a eles seguindo o exemplo das persoas adultas e, ao mesmo tempo, por medio dun adestramento sistemático: expresando, escoitando, negociando para chegar a acordos satisfactorios. Un conflito representa en realidade unha oportunidade de coñecernos máis, de falar de sentimentos e desexos, e entendernos mellor, de clarificar situacións, de ser máis conscientes das realidades e de profundar nelas.
5. Practicar unha metodoloxía participativa na que o alumnado sexa protagonista, e que inclúa o traballo cooperativo, as dinámicas de grupo, as asembleas de clase...
6. Diante dos problemas de conduta do alumnado seguiranse uns principios de actuación coherente que orienten as intervencións de todos os profesores, evitando contradicións que desorienten aos alumnos.
7. Utilizar as medidas punitivas como último recurso para solucionar os problemas de convivencia, e só cando as estratexias motivacionais e educativas non dean resultado ou a non intervención poida xerar males maiores. Nese caso farase coa maior prontitude e seguindo os protocolos establecidos.
8. Fomentar a implicación das familias na prevención e resolución de conflitos.

4.2. Actuacións previstas

Durante o curso escolar poderánse levar a cabo as seguintes actuacións:

1. Presentación ao principio de curso do Plan de convivencia e as Normas de convivencia ás familias, profesorado e alumnado.

Responsable: Equipo Directivo, orientador e titores.

Recursos: R.R.I. e Normas de Convivencia, Sala de Usos Múltiples, Aulas.

Metodoloxía: Reunión informativa.

Temporalización: Primeiro trimestre.

2. Actuación coherente de todo o profesorado en materia de convivencia para evitar ambigüidades e contradicións que poidan confundir ao alumnado e propiciar diferentes comportamentos segundo o profesor presente.

Responsables: Todo o profesorado.

Recursos: Decisión tomada polo Claustro para levar a cabo unha actuación coherente todo o profesorado. Plan de convivencia e Normas de Convivencia do R.R.I.

Metodoloxía: Nas primeiras sesións do Claustro de Profesores debaterase sobre a conveniencia de unificar criterios de actuación para reforzar as condutas dos alumnos.

Espazos: Todo o Centro, especialmente as aulas.

Temporalización: Todo o curso.

3. Actividades de formación para o profesorado en estratexias de resolución de conflitos.

Responsables: Todo o profesorado, departamento de orientación.

Recursos: Cartafol de titores, cursos de formación.

Metodoloxía: O departamento de orientación entregará un cartafol aos titores con material impreso. O profesorado implicado participará en cursos de formación.

Temporalización: A principios do curso entregárase o cartafol e a formación será continua.

4. Consensuar novas normas para a utilización dos espazos de xogo no patio durante o recreo e organizar aos diferentes grupos co obxecto de minimizar os posibles e inevitables conflitos entre o alumnado.

Responsables: Todo o profesorado.

Recursos: Decisión tomada polo Claustro para levar a cabo unha actuación coherente todo o profesorado.

Metodoloxía: Nas primeiras sesións do Claustro de Profesores debaterase unha nova organización dos espazos e as normas a seguir.

Espazos: O patio de recreo.

Temporalización: O primeiro mes do curso.

5. Establecemento dun clima de clase adecuado desde as primeiras semanas a partir da negociación das normas de convivencia entre profesorado e alumnado para facilitar o seu coñecemento e que sexan asumidas por todos.

Responsables: Todos os profesores en xeral

Recursos: Normas de convivencia do R.R.I.

Metodoloxía: Establécense de forma inequívoca, nas primeiras semanas do curso, os límites que separan as condutas aceptables das que non o son mediante un proceso onde o profesor negocia as normas de clase co alumnado. Estas normas permanecerán visibles en carteis na clase.

Espazos físicos: Todo o Centro, especialmente as aulas.

Temporalización: Primeiro mes do curso.

6. Desenvolvemento dun Programa de Habilidades Sociais e Resolución de Conflictos para as etapas de educación infantil e primaria.

Responsables: Departamento de orientación, titores e profesorado de apoio.

Recursos: En cada caso o programa especifica os seus obxectivos, os bloques de contidos e a temporalización das sesións.

Metodoloxía: O departamento de Orientación do centro, nas reunións cos titores e mestres de apoio correspondentes, revisan os programas e tómanse decisións sobre a súa realización. Os titores aplicarán os programas nos seus respectivos grupos nas horas de titoría.

Espazos físicos: Despacho do Departamento de Orientación e aulas.

Temporalización: As unidades de que constan os diferentes programas repártense entre os tres trimestres.

7. Asembleas de clase para analizar a marcha da convivencia en cada grupo e propor actuacións de mellora e comunicación das conclusións nas Sesións trimestrais de Avaliación.

Responsables: Titores, Departamento de Orientación e Xefatura de Estudos.

Recursos: Cuestionario sobre a convivencia e sociograma do aula, de ser necesario, e posterior debate.

Metodoloxía: O Departamento de Orientación e a Xefatura de Estudos elaboran un cuestionario sobre a convivencia en clase.

O titor aplica o cuestionario e/ou sociograma aos seus alumnos con obxecto de que cada un reflexione sobre os ítems incluídos no mesmo. Seguidamente realízase un debate sobre os temas que afecten á clase. Sácanse conclusións e acórdanse medidas de mellora. Esta información trasladarase á Xunta de Avaliación.

Espazos físicos: a aula de titoría

Temporalización: Unha vez ao final de cada trimestre

8. Celebración do “Día Internacional dos Dereitos dos Nenos e das Nenas” e do “Día Escolar da Paz e a Non Violencia”.

Responsables: Equipo Directivo, comisión de convivencia, Departamento de Orientación, titores e todos os profesores do centro.

Recursos: Normas de convivencia. Documentos escritos e audiovisuais que falen dos dereitos da infancia, da paz e da non violencia.

Metodoloxía: O Equipo Directivo e a Comisión de Convivencia con suficiente antelación recordan que o día 20 de novembro celébrase o “Día Internacional dos Dereitos dos Nenos e das nenas e que o día 30 de xaneiro celébrase o “Día escolar da non violencia e da paz”, e animan a todo o profesorado para que realice algunha actividade relacionada con esta efeméride.

Espazos físicos: Aulas. Expositores dos corredores.

Temporalización: Última semana dos meses de novembro e de xaneiro.

9. Con carácter xeral, os titores tratarán cando o consideren necesario, calquera aspecto que afecte as boas relacións e a convivencia do grupo e fomentarán os valores democráticos de tolerancia, igualdade, o respecto, o diálogo, etc., utilizando unha metodoloxía participativa na que o alumnado sexa o protagonista do traballo no aula.

Responsable: Titores, departamento de orientación.

Recursos: Diálogo e aplicación Normas de Convivencia.

Metodoloxía: Democrática, acordada e participativa.

Espazos físicos: Aulas.

Temporalización: Todo o curso.

10. Valorarase a viabilidade de que os representantes dos cursos de Primaria actúen como mediadores en situacións de conflitos entre alumnos/as.

Responsable: Equipo directivo, departamento de orientación, tutores, Comisión de Convivencia e representantes de alumnado.

Recursos: Departamento de Orientación.

Metodoloxía: Presentación da proposta.

Temporalización: Todo o curso.

11. Formación ás familias sobre aspectos para mellorar a convivencia (estratexias de resolución de conflitos, detección dos malos tratos entre iguais...)

Responsables: Equipo Directivo e Departamento de Orientación.

Recursos: Escola de Familia

Metodoloxía: Sesións informativas e material impreso.

Espazos físicos: Aulas.

Temporalización: Sesións quincenais ao longo do curso.

4.3. Protocolos de actuación

As actuacións teñen que ver fundamentalmente coa formación para o fomento da convivencia en todos os sectores da nosa Comunidade Educativa, coa adquisición de valores democráticos, e coa prevención de comportamentos que poidan alterar o discorrer normal da vida do Centro.

En caso de incumprimento das normas de convivencia establecidas e en relación coas alteracións do comportamento seguiremos os seguintes procedementos:

1. REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR

No noso Regulamento de Réxime Interior (Anexo I) establécense as normas internas de convivencia, describíense e clasifícanse as faltas de disciplina, infórmase das correccións estipuladas para cada unha delas e quen son competentes para corrixilas.

2. POSIBLES SITUACIÓNS DE ACOSO E MALOS TRATOS ENTRE IGUAIS

Para os casos especiais de alumnos que protagonicen posibles situacións de acoso e intimidación entre iguais aterémosnos aos protocolos establecidos na publicación editada pola CEOU da Xunta de Galicia no ano 2007, *Plan de Convivencia do Centro*, no seu anexo XIII, e que se recolle a continuación.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN UNHA VEZ DETECTADO O ACOSO

“Aínda que a liña de actuación prioritaria que se recolle nesta publicación vai enfocada á prevención e á paulatina mellora da convivencia escolar, cómpre establecer protocolos comúns de actuación unha vez que situacións graves, como o acoso, están documentadas e probadas.

É imprescindible diferenciar claramente outro tipo de manifestacións violentas (sen continuidade no tempo, sen inferioridade dalgunha das persoas participantes,...) dos casos de verdadeiro acoso escolar. As situacións de acoso veñen definidas pola coincidencia simultánea de:

- ✓ Evidente intención de facer dano
- ✓ Condutas agresivas reiteradas
- ✓ Desequilibrio de forzas entre a persoa ou persoas acosadoras e a vítima.

Non debemos esquecer tampouco que calquera membro da comunidade educativa ten a obriga de poñer en coñecemento do equipo directivo do centro a posible existencia de indicios razoables dunha situación desta índole. A partir desta detección hai que realizar unha recollida de información e contraste da mesma, que permita tomar a decisión máis axeitada a cada caso concreto.

En distintos anexos deste volume pódense atopar modelos de recollida e estruturación da información para facilitar a tarefa de investigación que hai que levar a cabo.

Unha vez constatado que realmente se está ante un caso de acoso escolar, os pasos que haberá que seguir serán os seguintes:

1. A dirección do centro redactará un informe no que se reflectan os datos significativos recollidos na investigación, que se remitirá á Inspección Educativa.

2. O centro informará da situación á Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e á Fiscalía de Menores. Estas institucións débense poñer en contacto cos Servizos Sociais do Concello, se existen e, de non existir, con Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
3. Convén estar en contacto cos distintos servizos e institucións para realizar actuacións coordinadas.
4. A dirección do centro manterá informado do proceso que se está a seguir ao Consello Escolar, que é o responsable de impoñer as oportunas correccións.
5. O expediente seguirá o curso establecido no Real Decreto 732/1995, do 5 de maio de 1995, dereitos e deberes dos alumnos e normas de convivencia (Capítulo III). En todo caso, ao intervir a Fiscalía de Menores, o expediente quedará en suspenso en espera da correspondente resolución xudicial.
6. O centro educativo arbitrará medidas de actuación, complementarias ás correctivas, que permitan paliar os efectos negativos da situación de acoso e eviten que se repita. Para a organización das mesmas é fundamental ter en conta a información recollida ao longo do proceso de investigación para poder adaptalas a cada caso en concreto en función das súas características. Estas actuacións levaranse a cabo coa vítima, coa persoa ou persoas agresoras e coas persoas observadoras en particular, e, dun xeito máis global, con toda a comunidade educativa.
7. É moi importante a contextualización destas actuacións e que nelas estean involucradas todas as persoas ou institucións que poidan contribuír positivamente: equipo directivo, titorías, profesorado, departamento de orientación, familias, persoal non docente, equipos de orientación específicos, servizos sociais, Fiscalía de Menores, ONG, asociacións (veciñais, culturais, etc.)...
8. Estas actuacións deben ser coñecidas polo Consello Escolar, que valorará a súa eficacia.

3. PREVENCIÓN E CONTROL DO ABSENTISMO ESCOLAR

Seguiremos os protocolos establecidos no Plan en vigor, recollido no Anexo III.

5. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Ao remate de cada ano académico farase unha valoración global das accións realizadas e reflectirase nunha memoria final, na que se indicará: o nivel de consecución dos obxectivos previstos, as dificultades atopadas e as modificacións introducidas, así como as conclusións e as propostas de mellora que deberán incorporarse en posteriores plans.

A avaliación realizarase en base a indicadores tanto cuantitativos como cualitativos, de tal xeito que, xunto cos datos obxectivos, queden recollidos os aspectos referidos á calidade e efectividade das intervencións.

Corresponde ao Observatorio da Convivencia Escolar do Centro realizar a memoria final. Contará coa colaboración do departamento de orientación así como da persoa dinamizadora da convivencia no centro (conforme á Orde do 17 de xullo de 2007, pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes), que deberá realizar un informe trimestral, logo das sesións de avaliación sobre o estado da convivencia, con propostas de mellora en función dos logros acadados e das dificultades existentes.

6. BIBLIOGRAFÍA DE INTERESE

- *Plan Integral de Mellora de Convivencia Escolar en Galicia*, CEOU, Xunta de Galicia, 2007.
- *Plan de Convivencia do Centro*, CEOU, Xunta de Galicia, 2007. Aquí recóllense uns anexos que convén ter a man, en concreto:
 - [ANEXO VI](#): Avaliación do plan de convivencia. (p. 39)
 - [ANEXO IX](#): Recollida de información sobre un posible caso de acoso escolar. (p. 46)
 - [ANEXO X](#): Indicadores escolares sobre un posible caso de acoso escolar. (p. 47)
 - [ANEXO XI](#): Indicadores familiares sobre un posible caso de acoso escolar. (p. 48)
 - [ANEXO XII](#): Modelo de informe acoso escolar. (p.49-52)
 - [ANEXO XIII](#): Protocolo de actuación unha vez detectado o acoso. (p. 53-54)

- [ANEXO XV](#): Os sociogramas: indicadores do clima da aula. (p. 62-70)

Na web <http://www.edu.xunta.es/convivencia/plan.html> podemos descargar os plans e anexos citados anteriormente e outros materiais didácticos e recursos de interese.

7. ANEXOS

7.1. Anexo I: Regulamento de Réxime Interior

7.2. Anexo II: Análise dos datos das enquisas de convivencia

Recolléronse un total de 171 enquisas distribuídas do seguinte xeito:

- ✓ Ao profesorado do centro: 16 enquisas (80 %)
- ✓ Aos alumnos/as do segundo e terceiro ciclo de Primaria: 83 enquisas (participación dun 99%).
- ✓ Aos pais e nais de todo o alumnado do centro: 72 enquisas (participación dun 46%).

As preguntas das enquisas agrúpanse en 6 bloques que tratan de dar resposta aos seguintes temas:

1. Valoración xeral de aspectos da convivencia no centro
2. Tipos de conflitos
3. Frecuencia dos conflitos
4. Momentos nos que se producen os conflitos
5. Lugares nos que se producen os conflitos
6. Iniciativas útiles para mellorar a convivencia no centro

Cada ítem pode ser respondido conforme a unha escala que ofrece 4 posibilidades: nada, pouco, bastante e, moito.

Para obter datos numéricos, cada posibilidade de resposta asóciase a un valor numérico, e posteriormente calcúlanse as medias aritméticas, conforme aos seguintes valores:

Nada = 0 Pouco = 1 Bastante = 2 Moito = 3

Obtéñense os seguintes resultados:

1. Valoración xeral de aspectos da convivencia no centro:

Valoramos globalmente como bastante boa e incluso moi boa a percepción xeral que os distintos membros da comunidade educativa teñen en relación cos aspectos de convivencia no noso centro educativo. A valoración das relacións persoais entre profesorado, alumnado e familias supera a cualificación de bastante boa. O punto máis fraco refírese á participación das familias na vida social do centro, que oscilaría entre 1.48 e 1.97 puntos. A este respecto, o 35,6 % dos pais e nais participan nas actividades propostas pola ANPA, mentres que un 69,7 % responden ás demandas dende a escola. Só un 4,5 % declara abertamente non participar en nada.

2. Tipos de conflitos:

A percepción do nivel de conflictividade, aínda situándose nun nivel de poucos conflitos é maior no grupo do profesorado que no dos pais e nais. Para o profesorado os conflitos son maiores entre o alumnado e entre o profesorado e o equipo directivo; para os pais e nais claramente entre o alumnado.

3. Frecuencia dos conflitos:

Sempre dentro dunha frecuencia de conflitos próxima ao grao de “pouco”, tanto o profesorado coma o alumnado e os pais e nais coinciden en liñas xerais ao destacar como máis relevante que os alumnos e alumnas se insultan e se poñen motes, se pelexan e que non se respectan o suficiente as normas do centro. O alumnado tamén percibe que os profesores non os entenden o suficiente e que os castigan de máis. O profesorado queixase do excesivo individualismo e de que cada quen vaia ao seu.

4. Momentos e lugares nos que se producen os conflitos:

Tanto o profesorado coma o alumnado coinciden ao sinalar que é durante o tempo de recreo cando se produce o maior número de conflitos, e que estes prodúcense no patio do colexio en maior medida.

5. Iniciativas útiles para mellorar a convivencia no centro:

Entre as iniciativas propostas, tanto profesorado, alumnado de terceiro ciclo e pais e nais coinciden ao sinalar a importancia de ensinar estratexias para solucionar os conflitos, pero non só para o alumnado, senón tamén para o profesorado e para as propias familias. En segundo lugar destacamos a necesidade de utilizar un estilo docente respectuoso e positivo (é a primeira opción referida polos pais e nais e a quinta polo profesorado). En terceiro lugar cítanse os aspectos metodolóxicos na docencia (utilizar unha metodoloxía máis activa e participativa, favorecer o traballo cooperativo en grupos ou mellorar os recursos do centro). Para concluír, diremos que o profesorado demanda de forma moi especial a necesidade de unificar os criterios de actuación ante os conflitos.

7.3. Anexo III: Plan para a Prevención, Detección e Intervención do Absentismo Escolar.